

A Cámara organizou a visita a viveiros galegos de importadores de planta franceses e alemáns

Ferrol. 05/03/2010. Unha expedición comercial composta por cinco importadores de planta ornamental procedentes de Alemaña e outros tres chegados de Francia visitou esta semana oito viveiros de produtores localizados en diferentes puntos da xeografía galega.

Entre os que puideron presentar a súa oferta aos empresarios foráneos figura a firma Hortival, situada en Narón, que produce diferentes tipo de arbustos.

Esta acción incluíuse nunha misión inversa multisectorial organizada, no marco do Plan FOEXGA, polo conxunto das Cámaras de Comercio de Galicia —que contou con máis de 190 participantes galegos e foráneos— na cal a de Ferrol, en colaboración coa de Tui, ocupouse de localizar os contactos e establecer a axenda de traballo para este sector en concreto.

Tras unha primeira valoración, os resultados poden considerarse satisfactorios. Os oito empresarios estranxeiros visitaban Galicia por primeira e mostraron unha impresión favorable da planta galega, especialmente pola calidade das camelias, confirmando, incluso, algún pedido inicial.

Tamén é a primeira ocasión en que a Cámara de Comercio de Ferrol, que vén apoiando nos últimos anos a promoción exterior deste sector, organiza unha acción dirixida a estes dous mercados que teñen un importante potencial de compra.

O ano pasado a Cámara trouxo a Galicia importadores de planta desde Reino Unido, Croacia, Polonia e Hungría.

